

PEZA DO MES

abril

2006



ESCUDO DE ARMAS



ESCUDO DE PERO IANES DE NOBOA EN MACEDA

ESCUDO DE ARMAS

Escudo de armas

O Casar de Graíces. A Peroxa

Doazón de D^a Elvira Álvarez Vega

Dúas pezas: 1, Inscrición. 2, Escudo.

Granito. R^o D.X.-477

Formado por dúas pezas, a pedra de armas propiamente dita e a inscrición explicativa. Escudo oval con castelo mazonado e aguija imperial, timbrado de cimeira a esquerda e orla oval de follas decorada con cabezas.

Por riba, a inscrición: D. MANVEL/ D NOBOA Y OXEA/
CON ARMAS/ DE ALEMANIA/ Y CASTILLOS D CAS/
TILLA NOBOA VEN/ GO SV SAÑA CON LOS/
MOROS EN SEBILLA/ IEZV & MARIA

A disciplina que trata dos escudos con signos emblemáticos e os elementos que poden acompañalos, das regras da súa formación, da súa interpretación e descrición denomínase hoxe heráldica, ou sexa, coñecemento propio dos *heraldos*, como di o Prof. Martín de Riquer, quen apunta que o primeiro tratado desta ciencia leva o título *De heraudie*, de autor anónimo, -que se supuxo que sería un heraldo-, escrita en anglonormando, e redactada entre os anos 1341 e 1345, que expresa nos seus primeiros versos que "o oficio da heráldica é describir as armas, as cores e as propiedades que se atopan nas armas". Tamén Pastoreau, o grande tratadista moderno, define a heráldica dicindo que "é a ciencia que ten por obxecto o estudio

das armerías", definición que conleva o coñecemento previo do que son as armerías. No mesmo senso de considerar as armerías como obxecto da heráldica pronúnciase Maurice Keen, e tamén Antony Wagner que a define como o sistemático uso de emblemas hereditarios centrados no escudo.

As armerías son, seguindo a Pastoreau e a Mathieu, emblemas en cores, sometidos na súa disposición e na súa forma, a regras precisas que son as do brasón, notando que certos caracteres distinguen netamente as armerías da Idade Media dos emblemas preexistentes; servindo como signos distintivos propios dunha familia, dun grupo de persoas unidos por lazos de sangue ou fidelidade, dunha comunidade ou, máis raramente, dun individuo e son xeralmente hereditarias; as cores con que poden pintarse non existen máis que en número limitado; e están case sempre representadas sobre un escudo ou coa súa forma.

Armerías é sinónimo de armas. Úsase tamén como sinónimo brasón, pero esta verba é un termo colectivo que designa o conxunto das regras, a linguaxe e as figuras heráldicas, conceptos todos que se foron definindo ao longo dos séculos, en cada época coas súas características propias. Chega a ser como a representación da propia persoa, e adquire o seu rol, por iso cando se fala en heráldica de esquerda o dereita non se di a da persoa que fala, senon a propia do escudo ou armas que se estudan.

As armas convertéronse nunha marca de propiedade, e podería creerse que unha indicación de propiedade ten un interese limitado respecto dun obxecto que presenta interese por si mesmo. Pero un brasón lle atribúe a un obxecto calquera, que sen el sería anónimo, unha personalidade, unha individualización significativa como poucos outros elementos. E o seu emprego non se limita a unha categoría de pezas, senón que é ampla; esmaltes, selos, xoias, inscricións, sepulcros, moedas, fichas, libros, tapiçerías, cadros, etc., multitude de obxectos aos que a presenza dun brasón dálles vida, personalidade individual, unha referencia precisa que pode orientar a investigación máis aló do obxecto e procurar información do seu contexto, función e utilidade. Por todo iso, a heráldica constitúese nunha das chamadas ciencias auxiliares da historia, e do seu emprego e coñecemento cabe deducir interesantes contribucións ao coñecemento histórico, pois este é a integración de múltiples aportazóns ao coñecemento xeral. Pero existen moitos problemas, sobre todo relativos á identificación dos brasóns, que poden ter cambiado, froito do tempo, dos enlaces familiares ou da falla dalgún dos elementos significativos, por exemplo os esmaltes.

Nesta peza encontrámonos con dous bloques pétreos, un coas armas e outro cunha lenda que nos serve para completar a identificación das armerías representadas. No primeiro perpiño labrado, as armas, un castelo e un aguija,

en pau; no timbre, helmo coa viseira calada e con cimeira. Fallan as cores do fondo e dos mobles heráldicos, elementos consubstanciais ao escudo e que teñen unha certa importancia á hora da identificación correcta das armerías, e que constitúen un dos principais problemas na súa correcta identificación.

As armas dos Noboa son ben coñecidas pero moi diverxentes entre as representacións documentadas e atribuídas á liñaxe. A persoa da que fai mención a inscrición é don Antonio de Noboa e Oxea, pero as armas representadas son só as de Noboa e non as dos Oxea, como se explícita na inscrición acompañante. Non temos de momento máis información desta persoa, que resulta curiosa por engadirle ás súas armas a lenda que figura no texto e que parece referirse a un feito de armas da Reconquista en Sevilla, toma da Cidade na que participaron algúns membros da liñaxe, destacando con anterioridade Gonzalo Ianes de Noboa, noveno Mestre da Orde de Calatrava, quen participou na batalla das Navas de Tolosa ou no cerco do Alcázar de Baeza, como relata Argote de Molina, e do que tamén aparecen referencia na *General Historia*, atribuída ao rei Afonso X, onde mesmo se fai referencia das súas armas: “Un águila y un castillo con tres torrecillas”, que acaen perfectamente co que ilustra a figura do noso escudo.

A data da feitura do monumento, distante do acontecemento histórico, parece máis vincularse coa abondosa literatura mítica en relación coas armerías tan propias e tan estendidas no século XVII, das que fican as mostras nos relatos dos falsos cronicóns da época e que en Ourense gozaron de moito predicamento, co centro na produción dos Boán.

Con todo, as descrições das armas dos Noboa (tamén Nóvoa) son moi variables e nas fontes indubidables como poden ser algúns sarteiros funerarios con inscricións da familia aparecen elementos contrapostos. Poñamos a título de exemplo os sepulcros de Xoán Pérez de Noboa e da súa neta Elvira de Noboa na capela maior da igrexa de San Francisco de Ourense, en contraste co de Pero Ianes de Noboa, fillo do Xoán e pai de Elvira, na súa capela de San Pedro de Maceda. Mostran os primeiros un escudo manteado: de azur, león de ouro, e, de goles, senllos castelos de tres torres de ouro – o modelo máis común no entorno ourensán como di Crespo Pozo, xa que se podería falar desta familia como Enríquez de Nóboia logo do seu entronque no século XV-; mentres que o segundo, en Maceda, loce un escudo partido, 1º aguia e torre en pau, e 2º, dous castelos de ouro sobre goles e, manteado de azur, un león de ouro.

Seguindo os tratados heráldicos aínda poderíamos sinalar outros exemplos de armas representativas dos Noboa, así os García de Carraffa indican: “*Escudo cortado: 1º de*

ouro, unha torre de pedra, e 2º, de prata, un aguia de sable sinestrada dun león rampante de goles. Estas armas sufriron despois varias modificacións sendo as máis utilizadas entre os Noboa as seguintes: Escudo manteado: 1º de goles, con un aguia de ouro; 2º, de ouro, castelo de goles, e 3º manteado de prata, con león rampante de goles. Así o traen os Noboa orixinarios de Maceda e a súa rama da república de Ecuador”.

Existe aínda outra variante definida: De ouro, castelo de goles, suxeito por un aguia de sable; con certas variantes nos esmaltes, armas moi empregadas, sobre todo estas últimas, ao convertelas en falantes identificando o significado de “novoa”, ou sexa “non voa”, coa figura da aguia sumada ao castelo, interpretación moi en liña coa interpretación fantasiosa que se difunde na época barroca e que enlaza cos relatos dos falsos cronicóns dos que xa se fixo mención.

A peza formaba parte dunha construción en O Casar de Graíces, A Peroxa, da que fora trasladada a un novo emprazamento en San Munio da Veiga, na década de 1940, perdendo entón parte do seu valor. A súa función era indicativa da fidalguía dos seus moradores e da súa liñaxe.

Os escudos ou pedras de armas son elementos integrantes do patrimonio cultural, e teñen unha protección establecida na lexislación vixente que obriga a conservalos axeitadamente, a respectar o seu emprazamento, a non modificalo sen autorización e o seu comercio está regulado na normativa vixente, protección establecida no Decreto 571/1963 de 14 de marzo (BOE 30.3.63), ratificada na disposición adicional segunda da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español e tamén na Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia, e vixente como se deduce das numerosas sentencias do Tribunal Supremo ante as denuncias por movementos incorrectos e vendas sen autorización ou control administrativo.

Finalmente compre resaltar nesta nosa peza do mes o seu carácter de doazón. O incremento das coleccións públicas pode instrumentarse dende a investigación pura, sobre todo arqueolóxica, a compra e a doazón. Esta representa un xesto honorable, que facilita a todos o acceso ao que era propio ou privativo dun, poñéndoo a disposición xeral. A doazón ten unha ampla valoración social na sociedade anglosaxona, pero é menos representativa na nosa sociedade, a pesares de que a normativa legal a incentiva e lle recoñece avantaxes. Neste caso, compre destacar a iniciativa de dona Elvira Álvarez Vega facendo entrega deste ben do patrimonio cultural ao Museo, onde, coma testemuña da historia da Provincia, se conservará.



O XARDÍN E O EDIFICIO ANTES DA REFORMA DE 1960



PATIO DIANTEIRO TRALA REFORMA DE 1960



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR

HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolas testemuñas do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ao público o ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións creceron considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar aos primeiros traslados, que por sucesivas desgrazas non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ao que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Exposición ao público temporalmente pechada, por obras de reforma e acondicionamento.

Ubicación provisional dos servizos en rúa Xilgaros s/n.
32002- Ourense

Visite a nosa páxina.

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/museos/mapour>

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico.

TEXTO: Francisco Fariña Busto

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME: A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal:VG-97-2004

Museo Arqueolóxico 



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE